



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e a Asociación Padre Rubinos*, é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 22 de maio de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA E A INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS.

1.- O Decreto 72/2013, do 25 de abril, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No exercicio das súas competencias correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de Administracións Públicas e Xustiza e entre os seus obxectivos está o de promover actuacións en colaboración con institucións sen fins de lucro.

2.- **Antecedentes:** A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes programas e acción encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situación sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes da capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados asinouse con A Institución benéfico social Padre Rubinos o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende o 22 de maio ata o 30 de decembro de 2017.

4.- O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Institución Benéfico Social Padre Rubinos, para apoiar financeiramente á entidade na realización dos servizos asistenciais que se veñen prestando.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no labor realizado pola Institución Benéfico Social Padre Rubinos. Para exercer as actuacións de prevención da mendicidade, residencia da terceira idade e gardería infantil, Padre Rubinos, ten que dispor dun cadro de persoal cualificado e cunha sensibilidade especial. Debido ás carencias de vocacións relixiosas, nos últimos anos a entidade tivo que proceder á contratación de profesionais que paliasen as baixas do persoal relixioso. Esta circunstancia, unida á necesidade de afrontar os gastos derivados da prestación de servizos asistenciais cada vez demandados por un maior número de persoas debido á situación de crise económica que se vive nestes momentos, xera unha





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

descompensación entre os ingresos e gastos da dos servizos. Para que Padre Rubinos poida paliar esta situación sen que se vexa minorado o volume de servizos que presta ten que recorrer a axudas de institucións públicas ou achegas privadas.

Así mesmo faise constar que, segundo o establecido no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non son de aplicación neste convenio os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Institución Benéfico Social Padre Rubinos é o único complexo social que hai na cidade da Coruña na que se presten tódolos servizos que ofrece a Institución .

6.- A actividade financiarase co crédito consignado na aplicación orzamentaria 05.21.121A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, na cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000€).

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja.

